desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 12 de novembro de 2015, dona M^a Cristina Cadaval Martínez saía das instalacións deportivas municipais de A Fieiteira cara o seu domicilio, cando, camiñando pola beirarrúa que linda co aparcadoiro municipal e á altura do mesmo, sufriu unha caída como consecuencia do estado no que se atopaba a beirarrúa pola que transitaba.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Cadaval Martínez tivo que ser atendida polo servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron escordadura de ligamento interno e externo grado-2 do nocello esquerdo e traumatismo nasal.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 07/02/2017 co número 1.938, dona M^a Cristina Cadaval Martínez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polas lesións sufridas pola mencionada caída, considerando que debe ser indemnizada na cantidade total de 4.578,21 €, máis os xuros que legalmente lle correspondan, cantidade que desglosa do seguinte xeito:

- Indemnización por Incapacidade temporal:

Concepto	Días	Importe diario Baremo 2016	Total
Días impositivos	61	58,41 €	3.563,01€
Días non impositivos	31	31,43 €	974,33 €
TOTAL I.T.			4.537,34 €

- Gastos ortopédicos e farmacolóxicos: 40,87 €

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do DNI da reclamante; informes médicos; parte médico de baixa por incapacidade temporal; parte médico de alta de incapacidade temporal; factura emitida por “*Ortopedia Compostela ORTHOS*”; e catro facturas emitidas por “*Farmacia Fernández de Sanmamed, C.B.*”

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 20/04/2017 co número 6.457, a reclamante achega 3 fotografías do tramo da beirarrúa no que tivo lugar a caída, e unha imaxe na que se pode observar a zona na que se produciu o accidente.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 20/09/2017 pola Policía local.
- Actas de probas testemuñais realizadas nas datas 17/10/2017 e 01/03/2018.
- Informe emitido na data 10/05/2018 pola enxeñeira municipal.





- Informe emitido na data 14/05/2018 polo capataz de obras do Concello de Riveira.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos mesmos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no





momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. M^a Cristina Cadaval Martínez para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido cando saía das instalacións municipais deportivas de A Fieiteira, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Cadaval Martínez. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia





de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a beirarrúa pola que transitaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Riveira, non puido determinar o estado no que se atopaba a vía o día do accidente, nin tampouco puido determinar si o estado da vía foi a causa da caída sufrida pola Sra. Cadaval Martínez, xa que no seu informe emitido na data 20/09/2017 dispoñen que: *“Revisados nuestros archivos policiales no consta ningún informe sobre lesiones por caída en la vía pública de María Cristina Cadaval Martínez en la fecha del 12/11/2015, tampoco en el informe de servicios realizados figura ninguna intervención por una persona caída en la vía pública. Se adjunta copia de Informe diario de servicios realizados por los agentes.”*
- As testemuñas ás que se tomou declaración no procedemento administrativo, coinciden en afirmar que presenciaron a caída, que se produciu de noite, que era un día normal, non chovía nin facía vento, que é unha zona que non está moi iluminada e que non avisaron a ningunha autoridade pública despois de acontecido o accidente. Así mesmo, son contestes na indicación que realizan do lugar da caída, do que indican que non se trata dunha focha, senón da zona da beirarrúa que está rebaixada, pero que o seu estado non era bo, xa que había lousas que se movían. Tamén indican que coñecen a zona porque pasan habitualmente xa que moitas veces ían camiñando e durante tres anos transitaron pola mesma e que a reclamante cando caeu ía para a súa casa porque normalmente sube e baixa andando. E recordan que durante ese tempo a beirarrúa xa estaba mal, e de feito, sempre advertían que se tivera coidado ao pasar por esa zona, afirmando unha das testemuñas que as lousas non estaban lisas como aparece na fotografía que se lle mostra e que aparece sinalada como documento número 1.
- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente, e respecto ao estado da rúa na data na que tivo lugar a caída dispónse o seguinte: *“Con el fin de determinar las características de la citada calle y su estado en la fecha del accidente, se ha procedido a inspeccionar la zona en la que la reclamante dice haber caído. Así, tal y como se puede apreciar en unas fotografías tomadas por esta oficina técnica en septiembre de 2017 y que se adjuntan a este informe como documento número 1 y documento número 2, se trata de una calle que, a la salida de las instalaciones deportivas municipales de A Fieiteira, su sentido es cuesta abajo. En el lugar donde se dice haber sufrido la caída, la acera tiene un rebaje para la entrada de los coches a la zona de aparcamiento, que es la explanada que se ve a la derecha de la acera con pavimento oscuro, según se mira en las fotografías que se adjuntan. En*





las referidas fotografías también puede apreciarse la existencia de un número considerable de farolas de iluminación, por lo que puede decirse que se trata de una zona iluminada. En el tramo de la acera por el que los vehículos acceden al aparcamiento, y en donde sucedió la caída de la reclamante, las baldosas no se encuentran en estado óptimo, debido, precisamente, al constante trasiego de vehículos que acuden a las instalaciones deportivas y que provocan el agrietamiento de las mismas y en muchas ocasiones su rotura. En este caso, tal y como se puede ver en las fotografías, las baldosas se encuentran bastante agrietadas, pero no se aprecia ningún tipo de defecto que pueda suponer un peligro para el caminar de los viandantes, ni ninguna baldosa levantada que pudiese ser la causa de la caída. Aunque las fotografías que se adjuntan con este informe han sido realizadas en septiembre del 2017, en el tramo en cuestión no se aprecian los signos de la realización de ninguna reparación, por lo que es muy probable que en la fecha de la caída el estado de la acera de acceso al aparcamiento de la Fieiteira, fuese muy similar al que se aprecia en las fotografías.”

- Por último, o capataz do departamento de obras públicas, da unidade de mantemento, dispón en informe emitido na data 14/05/2018 que: “A rúa de subida ás instalacións deportivas municipais de A Fieiteira é de titularidade municipal, polo que o seu mantemento é competencia do departamento de obras públicas do Concello de Riveira. Examinadas as fotografías do lugar da caída que constan no expediente de reclamación, pode afirmarse que o tramo da beirarrúa no que tivo lugar o accidente non foi reparado desde hai aproximadamente dous ou tres anos, soamente se procedeu a repasar o aglomerado da zona destinada a aparcadoiro de vehículos, polo que pode asegurarse que o estado do tramo da beirarrúa en novembro do ano 2015 é practicamente o mesmo que se aprecia nas fotografías que se achegan co informe emitido na data 10/05/2018 pola enxeñeira municipal.”

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: o tramo da beirarrúa no que tivo lugar a caída, á saída das instalacións deportivas, vai en sentido descendente, e ten un rebaixe, non unha focha, porque é a zona pola que acceden os vehículos ao aparcadoiro municipal; non se atopa nun bo estado xeral, xa que as lousas están bastante agretadas, pero tampouco se aprecia ningún tipo de defecto que poida supoñer un perigo para o camiñar dos transeúntes, tal e como se aprecia nas fotografías que acompañan ao informe emitido pola enxeñeira municipal, que aínda que son tomadas preto de dous anos despois da data da caída, dos informes emitidos pode afirmarse que o seu estado en novembro de 2015 era similar ao reflectido nas fotografías tomadas en setembro de 2017, xa que non se produciu ningún tipo de reparación durante ese tempo, tal e como asegura o capataz do departamento de obras públicas municipal. Resulta curioso a este respecto, a manifestación dunha das testemuñas que asegura que na beirarrúa había lousas levantadas que se movían, e que non estaban lisas como aparece na fotografía que se lle mostrou, cando o estado da beirarrúa das fotografías ben pode





ser o mesmo que na data da caída. Por outra banda, trátase dunha zona ben iluminada que a reclamante coñecía ben e pola que transitaba a miúdo para acudir ás instalacións deportivas.

Non basta, polo tanto, con que a reclamante afirme que a beirarrúa pola que transitaba estaba en mal estado para apreciar a existencia da responsabilidade patrimonial, por canto dita responsabilidade so xorde cando o obstáculo na rúa supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade mais alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade uns dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideradas como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constitúa á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropecón e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/09/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M^a Cristina Cadaval Martínez polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Elvira E. Rivas Rebollido**, de data 29/08/2018, no que solicita reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Barreira – Rúa Galicia (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 31/08/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado dunha reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Barreira (Riveira), ao ser a zona máis próxima á súa vivenda, según o sinalado no citado informe policial.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS NO LUGAR DE LIXÓ, PARROQUIA DE OLEIROS, PARA INSTALACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS.

En relación ao expediente de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 19/03/2018, don Amador Sampedro Pego expón que no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, o Concello pretende instalar a rede de sumidoiros, non dispoñendo de terreos, polo que os propietarios do lugar están dispostos a ceder gratuitamente os terreos necesarios para a execución da citada obra.

2.- Por Providencia da alcaldía de data 10/07/2018 ordénase dar traslado da referida Providencia aos departamentos de secretaría e obras públicas, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente para a aceptación da cesión de referencia.

3.- Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación: planos de





medición dos terreos obxecto de cesión; consultas descritivas e gráficas de datos catastrais dos inmobles; e copias simples das escrituras de propiedade dos terreos.

4.- Na data 04/09/2018, o técnico de administración xeral do departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, emite informe xurídico en relación á viabilidade urbanística da cesión, informando favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación para obter a cesión gratuíta dos terreos antes referidos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 3 e DF 2ª da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Artigos 21.3 e 22.4 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigos 1.2.f), 9.1, 10 e 12 do Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.
- Artigos 618 e seguintes do Código Civil.
- Artigos 4 e 9, e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Artigo 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2ª da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.

SEGUNDA.- O artigo 9.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 do RB atopamos a doazón, que se regula de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: *"1. A adquisición de bens a título gratuíta non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levara anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario."*

TERCEIRA.- O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade cos artigos 1. 2 f) do RB e 4 e 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC)





dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.

CUARTA.- En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.

QUINTA.- Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmoble, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras.

SEXTA.- De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRRL).

SÉTIMA.- A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.
- Notificación do acordo de aceptación ao doante.
- Elevación da doazón a escritura pública.





OITAVA.- No presente caso, trátase da cesión gratuíta dos terreos necesarios para a instalación da rede de sumidoiros para os veciños do lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, deste municipio, que forman parte das fincas que se describen a continuación, resultando determinado o obxecto do contrato, así como a capacidade de obrar dos contratistas e a súa vontade de doar, acreditada, esta última, no escrito presentado no Concello, e a súa personalidade e capacidade de obrar na documentación que consta no expediente:

1.- PARCELA A:

- *Descrición: Urbana: Casa composta de planta baixa, de 52 metros cadrados, e aproveitamento baixo cuberta de 33 metros cadrados, que ten unido polos seus catro puntos cardinais un anaco de terreo, no que se sitúa unha edificación de planta baixa destinada a garaxe de 31 metros cadrados, formando o conxunto unha soa finca, da superficie total aproximada de 825 metros cadrados, sinalada co número 8 do lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira; que linda: Norte, mais de "Keliám Barbanza, S.L.", hoxe de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; Sur; mais de "Keliám Barbanza, S.L., camiño e de José Areas Lois; Este, de Silvia Rivas Pazo e camiño de carro; e Oeste, mais de "Keliám Barbanza, S.L.", hoxe de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán.*
- *Propietarios: Pablo Fernández Queiruga, con DNI número 52939988Z e Lucía Parada Abeijón, con DNI número 53485920H.*
- *Título: Compravenda, autorizada en escritura pública pola Notario de Riveira, dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 27/03/2018, co número 220 de protocolo.*
- *Inscripción: Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 1486, Libro 442 de Riveira, Folio 207, Finca 37.125.*
- *Referencia Catastral: 15074A029004240001LK.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*
- *Superficie de cesión: 49 metros cadrados.*

2.- PARCELA B:

- *Descrición: Parcela de terreo número 2, sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira, da superficie de 718 metros cadrados, que linda: Norte, camiño a Carballosa e de Antonio Lijó Otero; Sur, mais de "Keliám Barbanza S.L.", hoxe de Pablo Fernández Queiruga e Lucía Parada Abeijón; Este, mais de "Keliám Barbanza, S.L.", hoxe de Andrés Rama Paz e Sandra Liliana Hernández*





Orozco; e Oeste, mais de “Keliám Barbanza, S.L.”, hoxe de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán.

- *Propietarios: Leandro Conde Furelos, con DNI número 35487849E e Laura Queiruga Torres, con DNI número 53482573Y.*
- *Título: Compravenda, autorizada en escritura pública pola Notario de Riveira, dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 22/01/2016, co número 54 de protocolo.*
- *Inscrición: Non se ten datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: 15074A029004250001LR.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*
- *Superficie de cesión: 46,25 metros cadrados.*

3.- PARCELA C:

- *Descrición: Rústica e urbana: Parcela de terreo número 3, sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira, da superficie de 1.147 metros cadrados; que linda: Norte, camiño a Carballosa; Sur, mais de “Keliám Barbanza, S.L.” hoxe mais de Antonio Otero Lijó e M^a Mercedes Solla Fontán; Este, mais de “Keliám Barbanza S.L.”, hoxe de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; e Oeste, regato.*
- *Propietarios: Antonio Otero Lijó, con DNI número 76516466C e M^a Mercedes Solla Fontán, con DNI número 52452535T.*
- *Título: Compravenda, autorizada en escritura pública pola Notario de Riveira, dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 04/01/2016, co número 3 de protocolo.*
- *Inscrición: Non se ten datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: Ten dúas referencias catastrais aínda que é unha soa finca 15074A029004260000KS e 15074A029004260001LD.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*
- *Superficie de cesión: 43,10 metros cadrados.*

4.- PARCELA D:

- *Descrición: Rústica e urbana: Parcela de terreo número 4, sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira, da superficie de 1.987 metros cadrados; que linda: Norte, mais de “Keliám Barbanza*





S.L.", hoxe mais de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán; Sur, camiño de carro; Este, mais de "Keliám Barbanza, S.L.", hoxe de Pablo Fernández Queiruga e Lucía Parada Abeijón e de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; e Oeste, regato.

- *Propietarios: Antonio Otero Lijó, con DNI número 76516466C e M^a Mercedes Solla Fontán, con DNI número 52452535T.*
- *Título: Compravenda, autorizada en escritura pública pola Notario de Riveira, dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 12/11/2015, co número 1.096 de protocolo.*
- *Inscrición: Non se ten datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: 15074A029000030001LT.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*
- *Superficie de cesión: 67,50 metros cadrados.*

De conformidade coa documentación obrante no expediente, en principio sería necesario que polo órgano municipal competente, se autorice unha previa segregación das parcelas obxecto de cesión. Sen embargo, en informe emitido na data 04/09/2018 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo, infórmase favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación para obter a cesión gratuíta dos terreos de catro parcelas sitas no lugar de Lixó, Oleiros, Riveira, para instalación e execución de infraestruturas e dotacións públicas, de conformidade, entre outros, ao artigo 150.6,b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dispón: *"Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de: a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación; b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas; c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe."*

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición do terreo a título gratuíto, o artigo 12 do RB soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa. Enténdese que non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar o destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire.

De conformidade coa DA 2^a da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o órgano competente para acordar a súa adquisición é o Alcalde, ao tratarse dunha adquisición gratuíta, competencia que no Concello de Riveira está





delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 05/09/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Declarar a innecesariedade da licenza de segregación para obter a cesión gratuíta de terreos de catro parcelas sitas no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, do municipio de Riveira, para a instalación e execución de infraestruturas e dotacións públicas, resultando finalmente do seguinte modo:

- **PARCELA A:** Propiedade do Sr. Pablo Fernández Queiruga e Sra. Lucía Parada Abeijón con refª catastral nº 15074A029004240001LK, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 825,00 m2. Superficie de cesión de 49,00 m2.
- **PARCELA B:** Propiedade do Sr. Leandro Conde Furelos e Sra. Laura Queiruga Torres con refª catastral nº 15074A029004250001LR que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 718,00 m2. Superficie de cesión de 46,25 m2.
- **PARCELA C:** Propiedade do Sr. Antonio Lijó Otero e Sra. Mercedes Solla Fontán en sociedade de gananciais, con refª catastrais nº 15074A029004260000KS e 15074A029004260001LD que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 1.147,00 m2. Superficie de cesión de 43,10 m2.
- **PARCELA D:** Propiedade do Sr. Antonio Lijó Otero e Sra. Mercedes Solla Fontán en sociedade de gananciais, con refª catastral nº 15074A029000030001LT que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 1.987,00 m2. Superficie de cesión de 67,50 m2.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN GRATUÍTA PARA INSTALACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS:** A superficie de cesión da **PARCELA A** con refª catastral 15074A029004240001LK comprende unha superficie de 49,00 m2, da **PARCELA B** con refª catastral 15074A029004250001LR comprende unha superficie de 46,25 m2, da **PARCELA C** con refª catastrais 15074A029004260000KS e 15074A029004260001LD comprende unha superficie de 43,10 m2 e da **PARCELA D** con refª catastral 15074A029000030001LT comprende unha superficie de 67,50 m2, resultando finalmente unha superficie de 205,85 m2 en total.





SEGUNDO.- Aceptar a cesión gratuíta que fan ao Concello de Riveira os propietarios antes mencionados dos inmobles referidos a continuación:

- Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira, propiedade de Pablo Fernández Queiruga e Lucía Parada Abeijón, dunha superficie de 49,00 metros cadrados, que se corresponden coa parcela de referencia catastral 15074A029004240001LK (descrita como parcela A na consideración xurídica oitava deste informe), que linda: Norte, mais de “Keliám Barbanza S.L.”, hoxe de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; Sur, mais de “Keliám Barbanza S.L., camiño e de José Areas Lois; Este, resto da finca matriz; e Oeste, mais de “Keliám Barbanza S.L.”, hoxe de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán.
- Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira, propiedade de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres, dunha superficie de 46,25 metros cadrados, que se corresponden coa parcela de referencia catastral 15074A029004250001LR (descrita como parcela B na consideración xurídica oitava deste informe), que linda: Norte, camiño a Carballosa e de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán; Sur, mais de “Keliám Barbanza S.L.”, hoxe de Pablo Fernández Queiruga e Lucía Parada Abeijón; Este, resto da finca matriz; e Oeste, mais de “Keliám Barbanza, S.L.”, hoxe de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán.
- Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira, propiedade de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán, dunha superficie de 43,10 metros cadrados, que se corresponden coa parcela de referencias catastrais 15074A029004260000KS e 15074A029004260001LD (descrita como parcela C na consideración xurídica oitava deste informe), que linda: Norte, camiño a Carballosa; Sur, mais de “Keliám Barbanza, S.L.” hoxe mais de Antonio Otero Lijó e M^a Mercedes Solla Fontán; Este, mais de “Keliám Barbanza S.L.”, hoxe de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; e Oeste, resto da finca matriz.
- Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, municipio de Riveira, propiedade de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán, dunha superficie de 67,50 metros cadrados, que se corresponden coa parcela de referencia catastral 15074A029000030001LT (descrita como parcela D na consideración xurídica oitava deste informe), que linda: Norte, mais de “Keliám Barbanza S.L.”, hoxe mais de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán; Sur, resto da finca matriz; Este, mais de “Keliám Barbanza, S.L.”, hoxe de Pablo Fernández Queiruga e Lucía Parada Abeijón e de





Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; e Oeste, resto da finca matriz.

TERCEIRO.- Incorporar os bens adquiridos ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura das escrituras públicas de adquisición dos bens inmoables.

QUINTO.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrals, segundo a Lexislación hipotecaria.

SEXTO.- Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta doazón.

SÉTIMO.- Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si dos bens, dilucidarase ante a xurisdición civil.

OITAVO.- Notificar o presente acordo aos donantes, agradecéndolle a doazón efectuada e significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

PROPOSTA DO SR. CONCELEIRO DELEGADO DE ADMINISTRACIÓN, TRANSPARENCIA, ATENCIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ SOBRE CESIÓN DE VALLAS Á SOCIEDADE DE FILLOS DE PALMEIRA

Polo Sr. concelleiro delegdo de Administración, Transparencia, Atención e Participación cidadá, D. Manuel Emilio Pérez Outeiral, prantéxase a cesión á Sociedade de Fillos de Palmeira de 80 metros de vallas para garantir a seguridade.

Enterados/as os/as sres/as concelleiros/as do contido da proposta, e acreditada que a devandita Sociedade non ten ánimo de lucro, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros, e de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, aproba a mesma, que queda convertida en acordo en todos os seus termos.

ACORDO RELATIVO A EXPEDIENTE DE ENAXENACIÓN DE INMOBLE (CATRO FINCAS REXISTRAIS – 26694, 26692, 26006 E 26693 –) PROPIEDAD DA TGSS, SITAS NA RÚA DA FEIRA (RIVEIRA) – ADXUDICACIÓN DIRECTA A FAVOR DO CONCELLO DE RIVEIRA.

Visto o oficio remitido por **Servicios Generales y Patrimonio – Dirección Provincial de la TGSS en A Coruña**, de data 28/08/2018 (Rexistro de saída 515120 nº





20 185 15 1200000654), relativo ao asunto: Adquisición de solares propiedade da Tesorería General de la Seguridad Social – Adjudicación directa a favor do Concello de Riveira: Documentación para acordar a adquisición; no que solicita a remisión de documentación para poder continuar coa tramitación do procedemento de adjudicación directa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Remitir** a Servicios Generales y Patrimonio – Dirección Provincial de la TGSS en A Coruña a documentación requirida para poder continuar coa tramitación do procedemento de adjudicación directa e que a continuación se relaciona:
 - Certificación acreditativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
 - Aceptación firme, por escrito, do importe asignado ás fincas, facendo constar os datos identificativos do ofertante: enderezo e NIF, con mención expresa de que todos os gastos que se orixinen co motivo desta transmisión serán da conta do Concello de Riveira e os impostos se abonarán según lei
 - Resgardo acreditativo de depositar o 25% do precio de compra en concepto de fianza, é dicir 123,283,00 €, na conta facilitada pola Dirección Provincial de la TGSS en A Coruña
- b) **Dar traslado deste acordo** á Tesorería General de la Seguridad Social para continuar coa tramitación do procedemento de adjudicación directa
- c) **Dar traslado deste acordo** aos Servizos Económicos Municipais

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Presidente da sesión

María Herminia Pouso Maneiro

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

